

ENCE **quere** **FUMIGAR**



PONTEVEDRA
e o resto de Galiza

ENCE quere FUMIGAR Pontevedra (e o resto de Galicia)

Cando o presidente de ENCE, Juan Luis Arregui, afirmaba na Xunta Xeral de Accionistas de abril que a empresa "no va a defraudar a Pontevedra" implantando proxectos "que permitirán garantir la excelencia medioambiental" e "sellar un nuevo pacto con Pontevedra y su comarca", ninguén podíamos pensar que estaba a aludir á **fumigación masiva** de milleiros de hectáreas de plantacións afectadas polo gurgullo do eucalipto, que afecta a todos os distritos forestais da provincia de Pontevedra.

Era este o esforzo que demandaba a ENCE o Partido Popular desde a Xunta a Deputación provincial e o Concello de Pontevedra para xustificar o pelotazo de prorrogar 50 anos unha concesión pública conseguida a prezo de saldo?

Coa mediación da Xunta, o [Ministerio de Agricultura, alimentación e medio ambiente](#), cedeu aos intereses de ENCE concedéndolle un **permiso excepcional dende o 9 de abril ao 6 de agosto para unha nova fumigación do monte galego con tau-fluvalinato** (veneno nocivo non específico para o gurgullo, irritante, bioacumulativo, altamente tóxico para a vida acuática e considerado letal para as abellas nalgúns estudos), e xustifica a "excepcionalidade" en base a existencia de "circunstancias especiais" cualificando ao gurgullo como un "perigo imprevisíbel" que non se pode controlar por outros medios "razoábeis". Como pode considerarse "excepcional" e "imprevisíbel" a praga do gurgullo, que leva décadas afectando aos monocultivos de eucalipto e esquecer outros métodos alternativos efectivos?.

Dende a APDR temos denunciado en moitas ocasións que ENCE é responsábel da introdución do goníptero nos montes galegos, do monocultivo do eucalipto e do [plan de fumigación aérea de 2012](#) cun biocida hoxe ilegal no ámbito europeo (Flufenoxurón), como é responsábel do "experimento" desenvolvido no 2014 no que fumigaron parcelas escollidas no sur da provincia de Pontevedra (e noutras zonas de Galicia) co principio activo tau-fluvalinato. E todos estes comportamentos poñen en evidencia, máis unha vez, a fraudulenta concesión do certificado de xestión forestal sostíbel FSC a ENCE-NORFOR [denunciada](#) pola APDR a través da Federación Ecoloxista Galega.

Esta "solución final" do Ministerio supón un apoio aos intereses a curto prazo de ENCE de ampliar o seu negocio de monocultivo do eucalipto coa biomasa, sen ter en conta as consecuencias sobre o medio e as persoas.

Para a APDR, a defensa do medio e a saúde da poboación deben estar por enriba dos intereses da industria madeireira e do papel, e a solución ao problema do gurgullo non pode vir da man do uso de biocidas prexudiciais para o ecosistema, a saúde das persoas, os sectores produtivos como a apicultura e a agricultura e a destrución do emprego e da actividade económica local. As solucións pasarían máis ben por apoiar a loita biolóxica coa avésa parasitaria *Anaphes nitens*, insecto clave na loita biolóxica contra o goníptero (e que tamén está en perigo polas fumigacións), e por limitar uns monocultivos que son están ao interese da industria pasteira, recuperando a biodiversidade dos nosos montes.

Neste sentido, reafirmámonos na [chamada de alerta de 2012](#) aos concellos, comunidades de montes, propietarios/as forestais, apicultores/as, labregos/as, así como á veciñanza en xeral que desenvolve a súa actividade ou mora preto de grandes masas de eucaliptos.

Pontevedra, 14 de maio de 2015

Xulio Carmona, pola xunta directiva da APDR



Editado en: [Praza Pública](#) e [Federación Ecoloxista Galega](#)

Comentado en: [Faro de Vigo](#)